

ADDENDA PARA A PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA CURSO 2021 2022.

1. De forma preliminar, destácanse os seguintes aspectos.

- a) En consonancia co artigo 7.4. da Orde, a programación didáctica do departamento de Filosofía establece unha serie de mecanismos de reforzo para o alumnado que posúa dificultades de superación da materia. Ao longo do curso, e en cada unha das materias e antes da finalización de cada unha das avaliacións, o profesorado efectuará unha proba de recuperación do alumnado que non conseguise acadar o mínimo exixible para a superación da mesma. Esta servirá, xunto con outras, como medida de reforzo educativo.
- b) A cualificación da terceira avaliación ordinaria consistirá na media aritmética de cada unha das avaliacións parciais, tendo sempre en conta os mecanismos de recuperación establecidos ao longo das avaliacións.

Segundo isto, en consonancia coa Orde do 25 de xaneiro de 2022, segundo a cal se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, adhírese á Programación Didáctica do departamento de Filosofía do IES de Brión a seguinte addenda, que a corrixe e a modifica nos seguintes aspectos.

- En primeiro lugar, suprímense todas as alusións ás avaliacións extraordinarias de setembro nos apartados correspondentes (apartado “d” da sección 4.7.) das materias da ESO, en consonancia co especificado na normativa actual.
- Seguindo a normativa facilitada, o período comprendido entre o 6 de xuño (fin da terceira avaliación parcial) e o 22 de xuño (data da avaliación final) estará dedicado a dúas tarefas fundamentais.

- a) Con respecto ao alumnado con partes sen superar logo de transcorridas as tres avaliacións parciais, realizaranse actividades de reforzo e apoio, co cometido de que alumnos e alumnas acaden os mínimos esixibles para a superación das correspondentes materias.
- b) Con respecto ao alumnado con todo superado nas avaliacións ordinarias, a docencia consistirá no reforzo e afondamento daquelas partes nas que non se teña acadado a máxima nota.

2. En base a isto, o departamento dispón o seguinte.

- O alumnado da ESO que ao final da 3º avaliación obteña un resultado inferior a 5 puntos e, polo tanto, non supere a materia, realizará nese período actividades adicionais de reforzo e recuperación daqueles contidos do curso non superados durante as avaliacións ordinarias. Estas actividades incluírán elaboración de actividades específicas sobre os contidos non superados, e nalgúns casos, a realización de probas escritas para determinar se se acadan os obxectivos pertinentes. Ditas actividades serán realizadas partindo da información recollida nos informes de avaliación individualizados de cada alumno e alumna e respectando en todo caso os criterios de cualificación establecidos en cada unha das materias.
- O alumnado da ESO que ao final da 3º avaliación obteña un resultado superior a 5 puntos pero teña marxe de mellora, realizará nese período actividades de ampliación e afondamento co obxectivo de elevar a puntuación naquelas porcentaxes nas que existe esa marxe de mellora.
- Con respecto ao curso de primeiro de bacharelato, no cal se mantén a convocatoria extraordinaria do 22 de xuño, no período comprendido entre o 6 de xuño e a data antes citada, o alumnado que teña a materia superada realizará tarefas de ampliación e afondamento. Estas tarefas, no caso de

bacharelato, non suporán un incremento da nota final das tres avaliacións ordinarias.

As marxes de mellora en cada un dos dous casos estarán axustadas ao tempo invertido na realización de ditas actividades. Isto é, como o tempo do que se dispón para a realización do reforzo e o afondamento é menor ao período ordinario da realización das actividades, a mellora efectuada nas puntuacións será unha cantidade ponderada ao período de tempo invertido na realización de ditas actividades. Noutras palabras:

- Con respecto á materia de Valores Éticos, as sesións das que se disporá neste período son dúas, fronte ás trinta e catro sesións que se tiveron ao longo do curso. O traballo desenvolto nesas trinta e catro sesións da como resultado unha nota máxima de dez puntos. Polo tanto, o traballo desenvolto nestas dúas sesións resultará nunha mellora proporcional, que oscilará arredor dos 0,5/0,6 puntos en total.
- Con respecto á materia de Filosofía, as sesións das que se disporá neste período son sete, fronte ás noventa e sete que se tiveron ao longo do curso. O traballo desenvolto nesas noventa e sete sesións da como resultado unha nota máxima de dez puntos. Polo tanto, o traballo desenvolto nestas sete sesións resultará nunha mellora proporcional, que oscilará arredor dos 0,7/0,75 puntos en total..

A correspondencia entre a materias, criterios de cualificación e desenvolvemento de actividades no período do 6 ao 22 de xuño reflíctese na seguinte táboa.

Materia	Criterios de cualificación	Alumnado que non supera a materia	Alumnado que supera a materia
Valores éticos	Traballo na aula e actividades: 100%	Realización de actividades de reforzo para acadar os mínimos exixibles nas competencias non superadas.	Realización de tarefas de afondamento naquelas competencias nas que haxa marxe de mellora.

<p>Filosofía 4º ESO</p>	<p>Traballo na aula e actividades: 45% Exame: 55%</p>	<p>No caso de non ter chegado ao mínimo na parte correspondente ás actividades: realización de actividades de reforzo. No caso de non ter chegado ao mínimo na parte correspondente do exame: preparación dos contidos e posterior realización do exame entre o 20 e 22 de xuño.</p>	<p>Realización de tarefas de afondamento naquelas competencias nas que haxa marxe de mellora; ou ben preparación dos contidos e posterior realización do exame no caso de ter marxe de mellora nese ámbito.</p>
-----------------------------	---	--	---